



COBRO

Este proxecto realizouse para o repositorio Tece Redes en galego
ao abeiro do Fondo de Proxectos Xacobeo 21-22
en colaboración co Ministerio de Cultura e Deporte
a partir da obra de teatro para público familiar *CUBO*
de Elefante Elegante.

CREACIÓN Gonçalo Guerreiro
DIRECCIÓN ARTÍSTICA E INTERPRETACIÓN María Torres e Gonçalo Guerreiro
TEXTO Tiago Alves Costa
ESCENOGRAFÍA Gonçalo Guerreiro
ILUMINACIÓN Nacho Martín
VESTIARIO E ATREZZO Carolina Díguele
DIRECCIÓN DE ACTORES Pablo Sánchez
COMPOSICIÓN MUSICAL Manuel Fonte e Miguel Paz
ESTRUTURA ESCENOGRÁFICA Carolo Losada
FOTOGRAFÍA Vanesa Rábade
DESEÑO GRÁFICO Carolina Díguele

2022 www.elefanteelegante.net



Ei! Pst! Ven! Abrimos o cubo?

Ai... Non sei... Poderemos?

Si, non?

Non.

Por que?

Porque estamos pechados.

Xustamente.

O que?

Se estamos pechados, podemos abrir.

E se estivésemos abertos?

Non tería sentido.

Pechar?

Abrir!

Ah... de todos os xeitos, eu creo que estamos mellor así.

Pechados?

Pechados!

Nin pensalo! Non, non, non.

Non?

Non.

Eh!

Que?

Ti cres que, no caso de que abrísemos, despois poderíamos pechar?

Coido que si.

Ah...

Daquela, abrimos?

Non.

Abrimos.

Non o sei.

Pois abrimos!



Ai... É mellor volvermos para dentro de nós. Pecharmos as xanelas.

Nós non temos xanelas...

Mais temos un cubo. E así estamos parados. Moi parados...

E se non nos movemos, estamos máis seguros.

Si.

E a curiosidade?

Aquí estamos protexidos. Non temos dúbidas nin discutimos. É o noso cubo.

E para pasar os nosos “ ais” polos seus ángulos só temos que cargalos cos nosos dedos rebuldeiros, ti diante e eu detrás, coma eses equipos que cargan pianos.

Pianos?!

Pianos!

“Ai”.

Que?

Non somos un equipo que carga pianos... e os “ais” pesan moito!

Que van pesar!

Pesan.

Non pesan.

Pesan.

Non pesan!



Para! Non peches! Temos que durmir!
Durmimos, mais así, co cubo medio pechado. Así está medio aberto.
Está practicamente pechado. De acordo. Durmimos.
Agarda! Que?
O día. Cal día?
Este día. Durme.
E se sono non temos? Deixemos que noite sexa.
Non teño noite. Estou chea de día. Durme!
De acordo. (...) Dás? Se ti falas, non.
Desculpa. Durmamos. (...) E agora? Estaba case, case.
Ai... Imos tentar outra vez. Imposíbel. Non dou durmido. A verdade é que eu tampouco.
Teño unha idea! Que idea?
Imos arriba! Arriba, a onde?
Para arriba do cubo! Nós nunca fomos arriba!
Xustamente por iso! É perigoso. Teño medo.
Seremos prudentes. Non me gustan as alturas!
Ven comigo. Irei. Que remedio! Mais antes pecho!



Onde estás? Aquí. Sube. Ei, mundo! Son libre! Non quero durmir e revidico abrir o cubo! Agora ti!

Ei, mundo! Serei libre? Non consigo durmir, téñolles medo ás alturas e reivindico... chorar!

Primeiro abrimos. Non, antes choramos.

Mais eu non quero chorar, quero abrir. E eu non quero abrir, quero chorar.

Ti podes chorar... se queres... Veña, chora.

Está ben. Érgome, abro ben a boca e deixo que as bágoas suban por min... Eu non lembro como se chora.

Primeiro: senta. Sentado.

Segundo: levanta o pé esquerdo. Levantado.

Terceiro: colle impulso cara atrás. Impulsado.

Cuarto... Como era? Tanto ten, despois do cuarto terá que vir o quinto.

Quinto: inspira! (Inspiro)

Inspira! (Inspiro)

Inspira! (Inspiro)

Expira!

Estaba a piques de estoupar!

Sexto: non é tan doado como din!

Ou quizais este non sexa un bo sitio para chorar...

Ou quizais este non sexa un bo momento para chorar.

Ah... Pode que non!

Mais este é un bo momento para abrir o noso cubo!

E dálle... De acordol

Mais, se abrimos o cubo, haberá que coller o paraugas e unha corda para medir as estrelas.

E mais un par de luvas para non ter frío nos pés e unhas botas para non mancar as mans. Ai, que leal




E o candil! Moi importante! O candil para ver o futuro!

Unha manchea de cousas...

Ei, onde estás? Axúdame!

Térmame do pé dereito.

Sen tirar!



Agora podemos coñecer a profundidade azul do ceo e debuxar as liñas rectas dos cometas sen nome.
Ti e mais eu temos moita sorte porque podemos durmir co cubo medio pechado ou con el así, practicamente aberto.
O noso cubo é coma un xogo xigante nun magnífico recreo sen fin.

Aparta.

Por que?

Teño unha idea!

Que idea?

É sorpresa.

Encántanme as sorpresas.

Aí non, do outro lado.

Aí tampouco! Para atrás.

Tes que levar o cubo pequeniño contigo.

Agora conta!

Unha, dúas, tres!

Polo que vexo, estalles perdendo medo ás alturas...

Viches?

Sabes o que parece?

Non.

Un mono!



Sabes?

Que?

O tempo.

O tempo?

O tempo parece que non pasa e as miñas ganas parece que fican...

no Lugar Ningún.

Este non é o Lugar Ningún, é o noso cubo!

Eu preguntome como será o Lugar Algún...

Pero que Lugar Algún?!

O Lugar Algún. Que tamaño terá o Lugar Algún? Terá lingua? Un pobo?

Un bo sitio para chorar?

!?



Un barco! Un barco! Un barco!

Preciso un barco para seguir o meu camiño aínda que nunca quixese o mar.

Ou mellor un tren!

Un tren de alta velocidade para chegar todos os días máis devagar,
cos reloxos das estacións anunciando no ouvido de alguén:

A Gran Viaxe ao Redor de Nós!

Oi! Para saírmos do sitio onde estamos é preciso un impulso demasiado grande,
saltar moi, moi alto ou ter alguén que nos poida axudar realmente.

Os nosos soños por veces están moi lonxe...

Onde?

Na Patagonia, por exemplo.

E canto máis lonxe están os nosos soños menos vemos as cousas que pasan diante de nós.

Eu vexo as cousas que pasan diante de min,

as persoas que camiñan de forma veloz,

a rapariga do patinete verde que pasa todos os días pitando e incluso o can aquel,
que ten unha boca enorme e uns ollos moi abertos.

Téñolles moito medo aos cans...

Mais eu non son un can.

Aínda así, dáme moita grima (...).

Eh! Empezo a collerlle o gusto a isto de estar nas alturas.



Bravo! Imos?

Non, quedamos.

Si, imos.

Para onde?

Para o leste!

No leste non hai cometas sen nome.

Daquela, para o oeste.

No oeste non hai mouchos somnábulo polo día.

Norte?

No norte non hai respostas para as túas preguntas.

Sur!

No sur non hai preguntas para as miñas respostas.

Coidado!

Que?

Estás a pisar o meu mundo.

E ti estás a pisar o meu país.

Norte.

Non.

Sur.

Non.

Leste.

Non.

Oeste.

Non.



Coidadol!

Outra vez?

Si.

Que?

O teu pé.

O meu pé?

Si.

Que ves no meu pé?

A medida correcta do noso equilibrio.

A nosa distancia posíbel?

Non!

Entón?

A noite.

A noite?

A noite é unha bicicleta azul sen pedais.

Axúdame! Menos mal...

Eu adoro o noso cubo. Mais quero un avión!

Ai... Non precisas dun avión se tes un cubo.

Mais o avión déixame voar.

E o cubo déixache voar, navegar e atravesar túneles infinitos, pontes levadizas e montañas secretas!

E a curiosidade?

Aquí estamos protexidos. Non temos dúbidas nin discutimos. É o noso cubo.

Eu teño unha morea de preguntas.

O cubo está cheo de respostas.

O importante son as preguntas.

O importante son as respostas.

As preguntas.

As respostas.

Preguntas.

Respostas.

Preguntas.

Fiquemos no cubo!

Iso é imposíbel.

Abre! Déixame saír.

Non! Aquí estamos ben. Pechadiños.

Eu quero coñecer o mundo enteiro.


Non hai lugar no mundo mellor ca este.

Como o sabes se nunca saíches de aquí?

Non saín nin falla que me fai.



Apetéceme caer para arriba ata un lugar descoñecido,
sen precisar de mapas para subir montañas
nin indicacións para abrir e pechar portas de castelos imaxinarios!
Como xogar a un novo xogo e saltar á primeira paisaxe!
Correr ao lado de sons descoñecidos
e voar coma as aves migratorias pola liña do horizonte.
Urxe vivir a propósito como só os soñadores viven!



Pasamos os dedos pola choiva despois de coñecermos a profundidade azul do ceo
e de debuxarmos as liñas rectas dos cometas sen nome.

Fixemos mímica para as estrelas,
arrolamos mouchos somnábulo polo día e compartimos a xeografía dos nosos pés.

E agora, como atoparemos a nosa distancia posíbel?

Eu quedo aquí, no cubo.


Eu teño que afrontar os riscos do inverno na procura dun novo verán.
Así descubrirei a medida correcta do noso equilibrio.



Atrévete a percorrer os camiños
e atopar todos os posibles destinos?

NORTE

OESTE




LESTE



SUR



Atopa no **cubo de letras**
as seguintes palabras e
relaciona cada unha delas
coa imaxe que corresponda:

- 1 Cadrado
- 2 Xogar
- 3 Paraugas
- 4 Pucho
- 5 Cavilar
- 6 Luva
- 7 Corda







CUBO é unha creación orixinal destinada
ao público infantil a partir de 5 anos.

É un espectáculo sobre a amizade,
as separacións, a necesidade de coñecemento
e a aventura de medrar desde a igualdade,
rompendo os arquetipos de xénero.

As imaxes suxeridas polo texto,
a evocación da música e a axilidade do xogo físico
crean un universo cómico e poético que viaxa
dende a fantasía ata o nacemento da curiosidade humana.

Este proxecto realizouse para o repositorio Tece Redes en galego ao abeiro do Fondo
de Proxectos Xacobeo 21-22 en colaboración co Ministerio de Cultura e Deporte.